

SABÍAS QUE...?

Xosé Luís Méndez Ferrín é un dos exemplos no noso país de home comprometido fiel á súa palabra e á súa ideoloxía. Militante primeiro na UPG e posteriormente na UPG-liña proletaria, partido independentista e marxista-leninista que se transformará no PGP (Partido Galego do Proletariado) e en Galicia Ceibe (Organización de Liberación Nacional) no 79. Defensor das liberdades e da loita armada contra o franquismo, sufriu a persecución e a censura do réxime franquista durante unha etapa moi dilatada no tempo:

1. 1967. Xa coa condición de catedrático e por causa do lema «Liberdade para Galicia» pegado por toda Galicia, pasa un mes na cadea de Príncipe en Vigo.
2. 1969. Tras unha viaxe por América (Bos Aires e Caracas) volve ser procesado, acusado de introducir divisas para o partido. Foi absolto por falta de probas.
3. Pouco despois é detido nunha redada realizada en Vigo (durante o estado de excepción declarado por Carrero Blanco). A policía incáutalle a novela inédita *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro* na que había unha dedicatoria aos guerrilleiros galegos. Condenárono a dous anos de cadea que cumpriu na Coruña e no penal de El Dueso. Aquí escribiu os libros *Retorno a Tago Ata*, *Elipsis e outras sombras* (publicado no 74 sen o relato que lle dá título por mor da censura) e *Antón e os inocentes* (publicado en 1979).
4. 1971. Regresa a Vigo onde é vixiado por mor dos acontecementos revolucionarios de Vigo e Ferrol: «tamén foron buscarme á miña casa, pero entón, eu, como non estaba disposto a que me condenasen coa agravante de reincidencia, que entón xa podían ser moitos anos, desaparecín do mapa e pasei á clandestinidade, a estar escondido, agochado, o mesmo ca outros compañeiros, pero eu durante tres meses, ¡que eses si que foron duros! ¡foron os meses máis duros da miña vida» (Salgado, Xosé M. e Casado, Xoán-M.: *Xosé Luís Méndez Ferrín*). Cun pasaporte falso preparado para exiliarse en Portugal, grazas aos contactos da UPG co PCP, o Goberno suaviza as medidas represivas.
5. 1980. En setembro é novamente detido xunto con outros membros do PGP (Partido Galeguista do Proletariado). Aplícaselles a Lei Antiterrorista e pasa na cadea de Segovia tres meses até que o liberaron por falta de probas.
6. 1983. Rexeita nun «acto de coherencia pouco visto» o Premio Álvaro Cunqueiro que lle outorga a Xunta de Galicia.

Un premio que axuda a escribir

O premio literario Biblos-pazos de Galicia consiste nun mes de estadía nun pazo galego e a colaboración dun escritor para axudar a completar o complicado proceso de escribir unha novela. Un dos últimos premios foi para a obra *Menina de cristal* (2005) da nova escritora Iria López. Xosé Luís Méndez Ferrín foi o titor da novela.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1.

Un mundo churrasco

O outro día fun a Lugo ver o fillo. A min, que son da aldea, o que me sorprende das cidades é que teñan as árbores e a herba metidas en parques. Disque aforran en zocas porque non hai lama, pero non deben de saber que a forza do mundo entra polos pés, nin que andar sempre sobre pedra ou cemento, que son materias mortas, debilita o corpo.

O rapaz quere que eu e maila muller deixemos O Courel e veñamos á capital. Certo que a el non lle foi mal, gaña coma un mestre e casou cunha enfermeira do Xeral. Na súa casa entran cartos dabondo e non pasan fríos nin ventos. Teñen dúas televisións.

«Xa imos vellos Ramón, e coas vacas tiramos ata que os nosos ósos volvan á terra» «si, papá, pero o campo non ten futuro, ¿non ves que mandan matar todas as vacas?». Ramón insiste en que na cidade estaríamos mellor atendidos, que hai médicos para parar un tren aínda que sexa de mercancías.

«Vende o gando, papá; aínda pode que che dean algo por el». O fillo explica que co de Europa e a cota láctea a cousa estase poñendo moi difícil; que con tanta vaca e tan pouco paisano para beber o leite e comer a carne hai que sacrificar moitas. O que me amola é que sabe do que fala: a churrasquería vaille de cine.

Santiago Jaureguizar: *freedom spik*

A obra contén mínimas pezas narrativas, como esta, encadrables no mellor da narrativa curta galega, unha «verdadeira alegación rupturista», «unha feroz e expeditiva exposición do tempo contemporáneo», 33 contos cheos de lirismo inspirados no traballo do autor como reporteiro pola provincia de Lugo.

2.

O Quiosco de Mauro (1)

Aquela mañá, coma todas as mañás, a irmá deixaba a Mauro diante do quiosco, de camiño cara ao seu traballo. Estáballe armando a cadeira de rodas xunta a porta do coche, cando sentiu que o irmán lle dicía:

—Mira —sinalando o cristal roto do quiosco.

—Vaia home, outra vez —dixo ela apenada— parece que a colleron co quiosco. Pois eu non che podo axudar a limpar os cristais que hoxe levo moita présa.

—Descoida —dixo Mauro coa vista baixa, nun par de movementos lixeiros e precisos sentouse na cadeira. A irmá púxolle a man no lombo e díxolle algo para animalo, logo despediuse e arrincou.

El dirixiu a cadeira á porta lateral do quiosco, meteu os paquetes, que había alí arrimados, dos xornais do día e entrou. Os anacos de vidro, coma sempre, estaban ciscados polo chan e enriba das revistas. Levaran tres ou catro revistas que lle quedaban a man e un puño de chicles. Ficou moi teso e cos ollos moi abertos ollando os coches e a xente que pasaba, polo burato do cristal.

Veulle ao pensamento a cara do concelleiro, «lo siento hombre, pero no se le puede dar la licencia. Lo que no se puede hacer, no se puede hacer». Papeis e máis papeis «que no y que no, hombre, no sea tozudo, ¡dichoso quiosco!» E aquel bedel, fillo de puta, cando fixera a sentada nas escaleiras do concello, mirándoo con soberbia, «quítese de ahí. Si soy yo el alcalde ya estaba usted en comisaría». Ao final gañara, déranlle a licencia. Pero para qué. Se o visen agora os do concello. Barrio asqueroso, cheo de xentalla. E iso que o quiosco estaba mesmo embaixo do farol. El sempre fora comprensivo cos rapaces. Eran tempos difíciles, andaban desorientados, sen traballo. El coñecía moitos así. ¿Pero que querían con isto? Xa ían vintetrés veces que lle rompían un cristal para roubar. Vintetrés. E de que valía dar parte, para o que arranxaba. Tiñan que ser os mesmos. Como se debían rir rompéndollo unha e outra vez, gozaban en facerlle dano. ¿Que querían del? ¿Por que aquela maldade, se el non lle fixera mal a ninguén? Se cadra agora estaban por aí, ríndose, véndoo alí detrás do vidro roto. Púxose a recoller os anacos.

Aquela tarde, ao pechar o quiosco, deixou colgado un cartel no cristal novo «NO DEJO DINERO POR FAVOR NO ROMPER EL CRISTAL».